

66

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

8 ou máis participantes  
90 minutos

Debate  
Valores e xénero

# ABIGAIL

**Fonte:**

Intercultural learning T-Kit n.º 4  
<http://pjp-eu.coe.int/en/web/youth-partnership/t-kits>

**Título orixinal:**  
4.3.3 "Abigale"

## MATERIAIS

Exemplares do texto para todos os participantes.

## ESPAZO

Calquera.

## DESCRIPCIÓN

Explicarlles aos participantes que se trata dun exercicio sobre valores.

Pedirlles que lean a historia e fagan a avaliación individual de cada un dos personaxes (Abigail, Tomé, Simbad, a nai de Abigail e o Xan) en función da súa actuación.

En pequenos grupos de 4 a 6 persoas compartir as valoracións sobre o comportamento dos personaxes da historia e elaborar unha lista en valorando o que os membros do grupo consideren máis errado ou atinado.

Pídeselles que eviten métodos matemáticos e, entre todos, chegar a acordo.

Así que os pequenos grupos teñan as súas listas, pódese repetir a fase anterior formando grupos de tamaño medio (neste caso os grupos iniciais non deberían contar con máis de 4 persoas).

Procédese á avaliación do exercicio en plenario compartindo os resultados de cada grupo e valorando as semellanzas e diferenzas.

Como chegamos a estas clasificacións?

En que nos baseamos para decidir o que é correcto ou incorrecto?



66

- EXPRESIÓN VERBAL
- EXPRESIÓN CORPORAL
- CREATIVIDADE
- VOCABULARIO
- ESCOITA ACTIVA
- TRABALLO EN GRUPO
- DIFICULTADE

5 ou máis participantes  
90 minutos

# ABIGAIL

## PASO A PASO

- 5 minutos para a presentación
- 10 minutos para a lectura e avaliación dos comportamentos (tarefa individual)
- 30 a 45 minutos para o traballo en pequenos grupos
- 30 minutos en grupos meirandes (opcional)
- 30 a 45 minutos para a avaliación en conxunto

## A HISTORIA

Abigail namora con Tomé, que vive do outro lado do río. Unha inundación destruíu todas as pontes sobre o río. Só un barco se salvou.

Abigail pídelle a Simbad, o propietario do barco, que a leve á outra ribeira. Simbad acepta coa condición de que Abigail se deite primeiro con el. Abigail, sen saber o que facer, pídelle consello á súa nai, que lle responde que non se quere entremeter na vida da filla.

Desesperada, Abigail cede ante Simbad, que, máis tarde, a leva ao outro lado do río.

Abigail vai onda Tomé, abrázao chea de felicidade e cóntalle todo o que pasou.

Tomé rexéitaa sen rodeos e Abigail foxe.

Abigail na fuxida encontra a Xan, o mellor amigo de Tomé, e cóntalle o que pasou.

Xan dálle unha labazada a Tomé e marcha con Abigail.

## REFLEXIÓN E AVALIACIÓN

A reflexión pódese iniciar valorando que é o que determina a nosa percepción do que é correcto ou incorrecto. O seguinte paso pode ser falar do fácil ou difícil que foi negociar os valores en base aos que acordar unha lista común.

Como chegaron ao acordo? Que argumentos foron máis convincentes? Houbo dificultade para comprender ou seguir os argumentos doutra persoa?

Valoremos logo os contextos nos que aprendemos o que se considera ou non correcto.

E se trocasemos o xénero dos personaxes? Mudan as percepcións?

